



## CONSORCIO DE SANTIAGO

### **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN POR PARTE DO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE SUBVENCIÓNS DO “PROGRAMA LOCALÍZATE” DESTINADAS Á REHABILITACIÓN DOS LOCAIS DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

A estratexia do Consorcio de Santiago de recuperación e revitalización dos espazos da cidade histórica baséase esencialmente na rehabilitación física de edificios para vivendas e negocios, na posta en valor do patrimonio histórico – cultural e arquitectónico e no mantemento e urbanización dos espazos públicos.

O comercio e os comerciantes son axentes fundamentais para a conservación dunha cidade viva, orgánica, en continua evolución e cunha rica diversidade social. Unha cidade onde os seus habitantes poidan atopar o marco axeitado para satisfacer as súas necesidades. Neste marco as actividades de servizos (de formación, culturais, sanitarios, deportivos,...), os talleres artesanais e o comercio de proximidade son o motor da actividade económica e sen a súa participación activa na vida cotiá ningunha política de rehabilitación sería válida.

Neste sentido o Consorcio de Santiago desexa incentivar a rehabilitación dos establecementos da cidade histórica, a mellora da súa accesibilidade, da súa eficiencia enerxética, da súa imaxe exterior e o seu acondicionamento interior.

Estas axudas considéranse destinadas a promover a conservación do patrimonio.

En base a todo o anterior a Comisión Executiva do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela acorda aprobar as seguintes **BASES**:

#### **1- Obxecto da subvención**

1.1.- As presentes bases reguladoras teñen por obxecto a regulación dos criterios e requisitos para a concesión de axudas, polo procedemento de concorrencia competitiva, con cargo aos orzamentos do Consorcio de Santiago, conforme ao establecido na Base 21 do orzamento 2018 do Consorcio, destinadas á rehabilitación dos locais situados no ámbito do Plan Especial de Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela, á mellora da súa accesibilidade e eficiencia enerxética, á mellora da súa imaxe exterior e ao seu acondicionamento interior.

1.2.- As subvencións concedidas ao abeiro destas bases teñen por obxecto as seguintes obras de rehabilitación do local ou establecemento no que se desenvolva a actividade empresarial:

1.2.1.- Obras de mellora da accesibilidade: accesos e itinerarios, mobiliario de atención ao público, aseos adaptados e outras instalacións e accesibilidade sensorial.

1.2.2.- Obras de redución do consumo enerxético: mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación, electricidade e acondicionamento de aire.

1.2.3.- Obras de mellora da imaxe externa: rótulos, carteis publicitarios, carpinterías de ocios exteriores, escaparates, peches de madeira ou metálicos de protección de escaparates e accesos ao local, acabados de fachada, reforma de ocios de fachada e vestíbulos de acceso.

1.2.4.- Obras de mellora do interior: pavimentos, carpinterías e acabados e outras instalacións.

1.2.5.- Obras de acondicionamento acústico.

1.2.6.- Honorarios de redacción do proxecto e dirección técnica da obra.



## CONSORCIO DE SANTIAGO

1.3.- Non serán obxecto de subvención ao abeiro das presentes bases as seguintes obras:

1.3.1.- As que se refiran a elementos ou edificacións sobre as que exista unha resolución pola que se declare a existencia dunha infracción urbanística, agás que na proposta presentada se inclúan os traballos de axuste ás determinacións do planeamento xeral ou especial de aplicación.

1.3.2.- Calquera intervención nun local encamiñada a reparar deficiencias derivadas de accidentes cando na orixe deles se detecte a concorrencia de intencionalidade ou negligencia grave da persoa beneficiaria ou dalgunha das integrantes da comunidade que ocupe a dita posición.

1.3.3.- As inversións obxecto desta axuda iniciadas antes da presentación da solicitude.

### **2- Crédito orzamentario ao que se imputa a subvención**

Esta subvención impútase ao crédito orzamentario do 2018 do Consorcio da Cidade de Santiago referente a "Subvencións ao parque construído + tutelados + catalogados e outros" (partida 337.780.00)", cun importe que para esta convocatoria ascende a cento corenta e oito mil euros (148.000 euros). No caso de que as resolucións de concesión e o recoñecemento das obrigas que delas se deriven non se adoptaran antes da data que se especifique na Orde de Peche do exercicio 2018 pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, as subvencións concedidas quedarán condicionadas e limitadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Consorcio do ano seguinte no que, previa xustificación do investimento, se propoña o recoñecemento da obriga polo Consorcio que non poderá exceder do 1 de decembro de 2019.

### **3- Requisitos que deberán reunir as persoas beneficiarias**

3.1.- Poderán ser beneficiarias das axudas do "Programa Localízate" destinadas á rehabilitación dos locais da Cidade Histórica de Santiago de Compostela, os seus usuarios legais, sexan persoas físicas ou xurídicas, e actúen como propietarios, arrendatarios ou que ostenten algún dereito de uso sobre eles, segundo o artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

3.2.- As persoas beneficiarias ás que se refire o punto 3.1, deberán estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e da seguridade social, e cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

### **4- Requisitos dos locais**

4.1. Os locais nos que realicen as obras obxecto de subvención ao abeiro destas bases deben reunir os seguintes requisitos:

- Localizarse no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica (PE.1).
- Condicións suficientes de seguranza estrutural e estanquidade fronte á chuvia.
- O edificio no que se localice o establecemento deberá ter unha antigüidade superior a 20 anos.
- Localizarse en planta baixa, semisoto ou primeiro soto, e plantas altas se están vinculados co local da planta baixa e o permita expresamente a ordenanza particular de zona. Tamén deberán contar con fachada a vía pública.
- O local deberá estar destinado ou destinarse a algún dos seguintes usos regulados no Capítulo III do Título VI da Normativa Urbanística do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela, e as ordenanzas particulares de zona:



## CONSORCIO DE SANTIAGO

- Comercial
- Oficinas
- Industrial en categoría 1ª: actividades industriais e talleres de artesanía compatibles coa vivenda.
- Docente
- Sanitario
- Asistencial
- Socio-cultural
- Deportivo

En relación ao uso comercial, os epígrafes do Imposto de Actividades Económicas – IAE - subvencionables son os seguintes:

- 641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
- 642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
- 643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.
- 644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
- 645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.
- 647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 647.3.- Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se encuentre comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.
- 651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.
- 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.
- 653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e recambios para vehículos.
- 654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.



## CONSORCIO DE SANTIAGO

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.
657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.
- 659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaría, prataría e bixutaría.
- 659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.
- 659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 659.9.- Comercio polo miúdo de outros produtos non especificados nesta Agrupación, excepto los que deban clasificarse en el epígrafe 653.9.
- 661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservicio ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.
- 662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.
- 691.1.- Reparación de artigos eléctricos para o fogar
- 691.9.- Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P.

### **5- Convocatoria**

O prazo de presentación de solicitudes será de UN MES a partir do día seguinte da publicación do extracto destas bases e convocatoria no Boletín Oficial do Estado, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para o caso de que o último día de presentación de solicitudes ou escritos fora inhábil ou sábado, o prazo prorrogaríase ata o seguinte día hábil.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, situado na Rúa do Vilar, 59 (telefono 981 57 47 00), ou por calquera dos medios admitidos na Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común, facendo chegar por fax (981 57 47 50) ou por correo electrónico ([gerencia@consorciodesantiago.org](mailto:gerencia@consorciodesantiago.org)) o mesmo día da presentación o resguardo da solicitude.

O órgano instrutor da convocatoria de axudas será a OCHiR (Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello de Santiago de Compostela), situada na Praza de Cervantes nº 1 e/ou o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.



## CONSORCIO DE SANTIAGO

### **6- Procedemento de concesión da subvención.**

6.1.- As subvencións do "Programa Localízate" destinadas á rehabilitación dos locais da Cidade Histórica de Santiago de Compostela outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva.

6.2.- A solicitude de subvención realizarase no formulario recollido no Anexo I.

6.3.- Documentación complementaria:

A documentación a achegar será a seguinte:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou N.I.F. da persoa solicitante e, no seu caso, da representante, cando non autoricen a consulta telemática ou cando o Consorcio de Santiago non estea en disposición de obtelos, e documentación acreditativa da representación que ostenta.
- Declaración responsable segundo o formulario recollido no Anexo II.
- Fotocopia compulsada do título que xustifique o dereito co que se concorre.
- No caso das persoas arrendatarias deberá achegarse fotocopia compulsada do contrato de arrendamento e a correspondente autorización do propietario e/ou usufrutuário en relación coas obras que se pretenden executar.
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Axencia Estatal Tributaria, Xunta de Galicia e Concello de Santiago de Compostela) e da Seguridade Social, cando non autoricen a consulta telemática, ou cando o Consorcio de Santiago non estea en disposición de obtelos.
- Declaración de todas as axudas solicitadas e/ou concedidas, por calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para estes mesmos conceptos para os que se solicita esta subvención, segundo o formulario recollido no Anexo II.
- Declaración de documentación presentada, según o formulario recollido no Anexo I, no seu caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder do Consorcio de Santiago, achegarase no seu lugar, debidamente cuberta, dita declaración responsable coa identificación do expediente e manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.
- Documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade, obra ou instalación que se pretenda acometer, que inclúa medicións e orzamento da obra que se desexe acometer.

No caso de que se trate da realización de obras de pequena entidade, tales como cambio de rótulo, toldo, carpintaría, peche, etc., e que non impliquen a obrigatoriedade de xustificación de normativa técnica, poderase solicitar que a documentación técnica sexa redactada pola Oficina Técnica do Consorcio de Santiago; neste caso deberá presentar solicitude de redacción da documentación técnica ao Consorcio de Santiago no formulario recollido no Anexo I.

Na solicitude en cuestión consignarase o expreso recoñecemento da propiedade intelectual do Consorcio en relación cos documentos que finalmente se elaboren e a aceptación do seu resultado para os efectos da idoneidade das obras a executar.



## CONSORCIO DE SANTIAGO

A oficina técnica do Consorcio de Santiago procederá á redacción da documentación técnica, a cal deberá ser aceptada expresamente polo solicitante antes da súa definitiva unión á solicitude.

A aceptación deberá producirse no prazo máximo de dez días dende que se lle comunique á persoa interesada o cumprimento do encargo, dándoselle valor á mesma de ratificación da súa solicitude de axuda na convocatoria en curso. No caso de que finalmente non se produxese a aceptación dos traballos realizados, a documentación técnica, con todos os seus antecedentes, quedarán en poder do Consorcio.

- Orzamento dos honorarios de redacción do proxecto e dirección técnica da obra.
- Auditoría enerxética ou informe de certificado de eficiencia enerxética do local, na que conste a súa calificación enerxética inicial e a que se obtería, no caso de optar ao criterio 6.5.2.
- Breve memoria explicativa da idea empresarial que pretende estimular o desenvolvemento do tecido económico local, en caso de optar ao criterio 6.5.4.
- Autorización para a utilización de fotografías, segundo o formulario recollido no Anexo III.

Subsanación de defectos: de observarse defectos na solicitude concederáse un prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa notificación para a súa subsanación.

### 6.4.- Consentimentos e autorizacións.

A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano instrutor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano instrutor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

6.5.- A avaliación das solicitudes realizarase aplicando os criterios que de seguido se expoñen e ata un máximo de 70 puntos.

#### 6.5.1. Mellora da accesibilidade do local.

Valorarase cun máximo de 20 puntos, outorgando 10 puntos á intervención que supoña a execución de obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no acceso ao local e 10 puntos á que supoña a execución de obras que eliminen barreiras arquitectónicas no interior do local ou o cumprimento da normativa de accesibilidade en vigor. En caso contrario concederáse 0 puntos.

#### 6.5.2. Redución do consumo enerxético.

No caso de que coa intervención se reduza o consumo enerxético concederáse 10 puntos, no caso contrario concederáse 0 puntos.

Para a efectiva acreditación da redución do consumo enerxético a persoa solicitante presentará unha auditoría enerxética ou un informe de certificado de eficiencia enerxética do local, na que conste a súa calificación enerxética inicial e a que se obtería trala implementación das medidas de mellora propostas, emitidos por un técnico cualificado competente.

6.5.3. Mellora da imaxe exterior do local, cando a fachada ou algún dos seus elementos resulten desconformes co entorno.



## CONSORCIO DE SANTIAGO

Calquera intervención que inclúa a mellora das carpintarías exteriores concederanse 10 puntos, no resto dos casos de mellora da imaxe exterior do local concederanse 5 puntos, no caso contrario concederanse 0 puntos.

### 6.5.4. Aportación de idea empresarial que estimule o desenvolvemento do tecido económico local.

Valorarase cun máximo de 20 puntos, outorgando 5 puntos por sector no que se observe actividade da empresa de entre os sectores económicos establecidos como estratéxicos para o desenrolo económico do Concello de Santiago de Compostela, sinalados no programa "Compostela móvese 2018" aprobado na Xunta de Goberno Local de 13 de abril de 2018. Estes sectores de actividade son los seguintes:

- Biotecnoloxía e ciencias da saúde.
- Transformación da madeira.
- Deseño de moda.
- Economía social, terceiro sector.
- Turismo: Turismo idiomático e axencias de servizos receptivos: tours, visitas guiadas, creación de paquetes, etc.
- Industrias culturais.

### 6.5.5. Ocupación de locais baleiros.

No caso de que coa intervención se poña en funcionamento un local actualmente sen uso concederanse 10 puntos, no caso contrario concederanse 0 puntos. Estas circunstancias comprobaranse nunha visita técnica.

6.6. A valoración das solicitudes realizarase por unha comisión formada por técnicos da Oficina Técnica do Consorcio e/ou da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello. No suposto de que o crédito orzamentario previsto na base 2 fose superior á suma das subvencións admitidas, a comisión limitarase a facer constar esta circunstancia por escrito, sen avaliar as solicitudes, por existir crédito suficiente para atender a todas.

6.7. Á vista do informe da Comisión, a Xerente formulará proposta de resolución de concesión, previa instrución do oportuno expediente, cos correspondentes informes técnicos e administrativos da Oficina Técnica do Consorcio e/ou da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello, no que se acrediten os requisitos establecidos na presente base.

A proposta de resolución será notificada aos solicitantes que fosen propostos como beneficiarios, para que no prazo de dez días manifesten a súa aceptación. Na notificación farase constar expresamente os efectos establecidos no apartado 10.2 desta convocatoria para a falta de xustificación do gasto no prazo máximo concedido.

Na proposta de resolución de concesión da subvención se especificarán os seguintes extremos:

- Inmable para o que se outorga.
- Beneficiario/a da subvención.
- Contía máxima da axuda para o inmable en cuestión.



## CONSORCIO DE SANTIAGO

- Prazo máximo de execución das obras.
- Prazo máximo para a xustificación do gasto

6.8.- O órgano competente para a resolución do procedemento será o Xerente.

Na resolución de concesión faranse constar os extremos que figuran no punto 6.7. destas bases para a proposta de resolución.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de catro meses, contados a partir da publicación das presentes bases e convocatoria.

Transcorrido este prazo sen que se notificara a resolución, os interesados están lexitimados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra a resolución expresa ou contra a desestimación por silencio administrativo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ou recurso contencioso – administrativo, por aplicación da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso – Administrativa, ante o xulgado do Contencioso - Administrativo de Santiago de Compostela ou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dependendo da contía concedida, xa sexa inferior a 60.000 euros, no primeiro caso, ou superior, no segundo.

6.9.- No caso de que o crédito orzamentario previsto na base 2 fose superior á suma das subvencións admitidas, non será necesario que a resolución da convocatoria se produza en unidade de acto, podendo resolverse cada solicitude por separado segundo se vaian completando os requisitos correspondentes, dentro do prazo máximo para resolver establecido no apartado 6.8 anterior.

6.10.- As concesións definitivas das subvencións remitiranse a Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados. Igualmente deberá informarse, cando corresponda, sobre o compromiso asumido polos membros contemplados no apartado 2 e no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 e, no caso de subvencións plurianuais, sobre a distribución por anualidades.

### **7- Contía da subvención**

7.1.- A contía da axudas deberá ser fixada en euros e o seu montante nunca poderá superar a cantidade fixada, con independencia das variacións á alza que se puidesen producir na execución das obras por variacións nos prezos ou circunstancias non tidas en conta no momento da resolución do expediente.

7.2.- A contía da subvención fixarase no 40% do orzamento máximo subvencionable.

7.3.- O orzamento mínimo subvencionable será de 600 €, sen incluír o I.V.E.

7.4.- O IVE non será obxecto de subvención.

### **8.- Orzamento máximo subvencionable**

8.1.- O orzamento máximo subvencionable será de 30.000 €, sen incluír o I.V.E.

8.2.- Os orzamentos presentados polos solicitantes serán valorados pola Oficina Técnica do Consorcio, que elaborará en cada caso os informes técnicos necesarios, previa inspección do establecemento.





## CONSORCIO DE SANTIAGO

### **9 - Execución das obras**

9.1.- A execución das obras incluídas na correspondente documentación será contratada pola persoa beneficiaria directamente e deberá contar sempre coa correspondente licenza municipal ou acreditación da presentación da comunicación previa, segundo dispoña a normativa urbanística e as ordenanzas municipais, sen prexuízo das facultades de control e supervisión que o Consorcio manterá en relación coa súa execución.

9.2.- A efectiva execución das obras terá que acreditarse mediante presentación das facturas e, de ser o caso, certificación de obra emitida pola empresa contratada para o efecto, coa sinatura do técnico competente e o correspondente xustificante do pagamento bancario, copia da licenza municipal ou acreditación da presentación da comunicación previa, segundo dispoña a normativa urbanística e as ordenanzas municipais, antes da data que se estableza na Orde de Peche do exercicio da Xunta para 2018, en todo caso antes do 31 de decembro de 2018, para que previo recoñecemento da obriga poida imputarse ao crédito retido para amparar financeiramente os gastos derivados destas bases e convocatoria. A xustificación das obras transcorrida esta data suporá que o dereito ao cobro da subvención queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria que, no seu caso, estea vixente para esta finalidade no Orzamento de 2019. En caso de que a data 1 de decembro de 2019 non se tivera presentado a documentación mencionada enténdese que o beneficiario perderá o dereito á subvención concedida.

9.3.- Á vista da documentación presentada polo beneficiario, a Oficina Técnica do Consorcio e/ou a Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello emitirán os correspondentes informes. Se se apreciara a existencia de deficiencias corrixibles outorgarase un prazo suficiente para a súa emenda, nunca superior a 10 días.

### **10- Pagamento da subvención.**

10.1. Se o beneficiario da axuda executa e xustifica todos os conceptos do orzamento obxecto de resolución de concesión, procederase a abonarlle a totalidade da subvención concedida. No caso de que o gasto sexa inferior ao orzamento aprobado na resolución de concesión, e sempre e cando se consigan os resultados previstos, procederase a abonarlle a mesma porcentaxe de axuda aprobada na resolución de concesión.

10.2. Solo se concederá a porcentaxe de axuda aprobada na resolución de concesión cando o grado de execución do orzamento obxecto de resolución alcance, polo menos, o 70 %.

10.3. O pagamento da subvención será acordado pola Xerente do Consorcio, previos os correspondentes informes favorables, previstos no apartado 9.3 destas bases, e a achega por parte da persoa beneficiaria das certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de estar caducadas as presentadas na solicitude de subvención, ou cando non autoricen a consulta telemática, ou cando o Consorcio de Santiago non estea en disposición de obtelas.

### **11- Revogación da Subvención**

11.1.- A axuda será revogada totalmente nos seguintes supostos:

- a) Incorrecta execución das obras subvencionadas, apreciada polos servizos técnicos do Consorcio.
- b) Negativa do beneficiario a colaborar co Consorcio nas tarefas de control da execución das obras.
- c) Demora no pagamento ao contratista dos traballos realizados ao amparo do programa de axudas. Entenderase como grave para estes efectos calquera demora no pagamento que supere en dous meses a data de presentación da factura ou de requirimento de pagamento por parte do contratista en relación coas obras executadas.



## CONSORCIO DE SANTIAGO

- e) A comisión de infraccións urbanísticas nas obras obxecto de subvención.
- f) Cambios non autorizados sobre o inicialmente proxectado.
- g) A execución inferior ao 50% das actuacións obxecto da axuda.
- h) Ausencia total ou parcial de xustificación.

11.2.- A axuda será revogada parcialmente no suposto de execución parcial entre o 50% e o 70% das actuacións obxecto da axuda. Neste caso aplicaranse as seguintes porcentaxes de axuda aos gastos subvencionables:

30 % se a execución é maior ou igual ao 60 % e menor do 70 %.

20 % se a execución é maior ou igual ao 50 % e menor do 60 %.

11.3.- A revogación da subvención será declarada polo Xerente do Consorcio previo expediente contradictorio e co efecto da perda total ou parcial da axuda concedida en función dos incumprimentos detectados.

### **12- Lexislación aplicable**

12.1.- Esta convocatoria realízase ao amparo da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, cuxos preceptos complementarán e integrarán as determinacións das presentes bases.

12.2.- Será tamén de aplicación a esta convocatoria a Lei 39/1992, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, publicada no BOP nº 115, de 22 de maio de 2006, nos aspectos non regulados expresamente por estas bases, e calquera outra normativa que resulte de aplicación obrigatoria en función da Administración ou entidade que interveña.

### **13- Obrigacións da persoa beneficiaria**

Comunicar ao Consorcio de Santiago, tan pronto como se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada.

Para dar a axeitada publicidade ao carácter público da financiación da inversión no establecemento, segundo se establece no artigo 31 do R.D. 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a persoa beneficiaria colocará un cartel coa imaxe institucional do Consorcio de Santiago e o texto "Axudas á rehabilitación de locais de Santiago de Compostela. PROGRAMA LOCALÍZATE". As dimensións mínimas do cartel serán de 12 cm de ancho e 5 cm de altura. Colocarase no escaparate do local, ou situación equivalente, durante a execución da obra e durante 1 ano máis desde a súa finalización.

### **14- Compatibilidade**

Estas subvencións son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, coa excepción de calquera outra das reguladas polo Consorcio de Santiago para os mesmos conceptos subvencionables e o mesmo establecemento.



**CONSORCIO DE  
SANTIAGO**

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste total da actividade subvencionada.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo: Belén Hernández Lafuente

Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela